



# *COIDAMOS DA TERRA*

*I Peregrinación a Santiago de Compostela en  
Tractor de Época*

*“Asociación Galega de Amigos  
Da Maquinaria Agrícola Clásica”*

**NIF G27338193**

**A Eirexe nº 1, Traslite, Láncara  
LUGO 27366**

**[www.agamac.org](http://www.agamac.org)**

**[agamac@hotmail.com](mailto:agamac@hotmail.com)**

**660 30 24 28**

## 0.- AGAMAC.

A Asociación Galega de Amigos da Maquinaria Agrícola Clásica (AGAMAC), naceu no ano 2006 ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo coa finalidade de cubrir unha necesidade na conservación do patrimonio arqueolóxico industrial agrario galego. Esta actividade está moi desenvolta en países onde a agricultura se atopa nunha fase máis avanzada de desenvolvemento e sostibilidade ca no territorio Galego, así por exemplo en Holanda existe unha feira especializada de maquinaria agrícola de época das dimensións da FIMA de Zaragoza (Historisch festival te Panningen), e no Reino Unido existen máis de 100 museos privados de maquinaria agrícola de época. No estado Español existe certo nivel de desenvolvemento desta actividade en Cataluña, e unha feira de dimensións considerables en Valverde del Majano, Segovia. Cabe destacar dúas cousas fundamentais como resumo dos fins desta asociación, 1º: nos seus estatutos **o fin nº 1 é o aumento da autoestima dos traballadores do agro**, xa que despois dos bois, o tractor pasou a ser motivo de orgullo nas explotacións; e 2º: que a nivel de España é unha das primeiras asociacións creadas sobre éste tema, e a primeira e única (polo momento) en Galicia. Ademais de realizar diversas exposicións ([www.agamac.org](http://www.agamac.org)) colaboramos na materialización da **disposición adicional 2ª do RD 1539/2006** (MAPA) sobre a mellora no parque nacional de tractores, materializada no executivo de Galicia na **Orde do 10 de maio de 2007, Artigo 13, da Consellería do Medio Rural**, sendo o modelo de certificado esixido a nivel nacional o proposto por AGAMAC.

Tódolos socios de AGAMAC e especialmente o Presidente, amosamos un gran interés polo rural e a súa evolución cara o equilibrio ecolóxico-económico-social, para o cal estamos xenéricamente no mesmo barco. Polo tanto, brindamos a posibilidade de colaboración na medida do posible e así mesmo solicitamos a colaboración dese organismo nas actividades que realicemos, que para o ano 2008 serán as seguintes:

- Creación do I Premio AGAMAC a proxectos de mecanización agraria da Escola Politécnica Superior de Lugo, co lema “ Adaptar as máquinas ó rural” .
- I Peregrinación a Santiago en Tractor de Época.
- II Exposición de Maquinaria Agrícola de Época – IX Malla de Orbazai (Lugo), (celebrarase o 2 e 3 de agosto).

## 1.- O PORQUÉ.

O Camiño de Santiago en Tractor Clásico e as súas pretensións, enmárcase entre dous obxectivos: a reivindicación e a divulgación, ambos enfocados claramente no Medio Rural. A reivindicación encamiñada á consecución dun recoñecemento e posta en valor de partes integrantes do territorio rural como son os tractores, capaces de “ Coidar da Terra” , labrándoa a medida para poder nutrir ó mundo dos mellores manxares; e, a parte divulgativa, que é dar a coñecer o patrimonio “ arqueolóxico industrial agrario” , afición rural moi extendida por países de todo o mundo onde a agricultura e os seus viventes pensantes souberon situarse na escala social alí, xustamente, onde lles corresponde.

Dende AGAMAC, consideramos que sendo unha asociación Galega, con socios Galegos (de sentimento e de facer) e o Apóstolo se atopa xustamente aquí, en Santiago de Compostela, por dobre partida deberíamos ser os pioneiros en organizar un evento deste tipo. Non existe constancia da entrada na Praza do Obradoiro de Santiago con Tractotes agrícolas, polo tanto, ha de ser motivo de orgullo para todos os labregos galegos o saber que foron os primeiros en pisar o obradoiro con esta ferramenta fundamental para o desenvolvemento do mundo, e ademais clásicos, co cal xa teñen demostrado, xunto co suór dos seus tractoristas, o que contribuíron a erradicar a fame de entre nós. Estamos seguros que este evento motivará a valorización de actividades deste tipo que pretenden darlle máis vida ao rural, ou polo menos a que merece.

## 2.- O CÓMO.

Realizarase o tramo galego do Camiño en tres xornadas, sendo a distribución técnica a seguinte:

A velocidade media estímase para tractores destas características en 10 km/h, contando que son 147 km, resultan aproximadamente 15 horas de ruta, que se realizarán en franxas horarias de 1.5 horas, con descanso de servizo 15 minutos cada unha (ambos datos aproximados), 1,5 horas para o xantar do sábado e as pernoctas do venres e do sábado. Resulta con estes números que o venres se percorreren 40 Km, o sábado 70 Km e o domingo os restantes, entornando a outros 40 Km.

### 1º SUBTRAMO.

Día e Lugar: Venres 11 de xullo, pola tarde, desde a Parroquia do Cebreiro (Concello de Pedrafita) a Sarria (Convento da Nosa Señora da Mercede, Mosteiro da Magdalena), baixando á Parroquia de Lusío (Concello de Samos) visitar as obras do futuro MUSEO DA AGRICULTURA (Promovido pola Consellería do Medio Rural);

Hora saída: 3 da tarde puntualmente.

Distancia: 40 Km.

Tempo: 4 h 45 min. (paradas de servizo incluídas).

Paradas: Pazo de Lusio.

Tarde – noite: Visita á Casa do Concello de Sarria, ou ben ás 8 da tarde do venres ou ás 8 da mañá do sábado; tempo máximo de visita 10 minutos, farase presenza con 4 ou 5 tractores, o resto permanecerán aparcados diante do Convento da Nosa Señora da Mercede. A visita ó Convento será tamén breve, pernoctaremos alí no albergue e pola mañá do sábado, ás 8, celébrase Misa na Igrexa do Convento, o que o desexe poderá asistir. Ás 8:30 puntualmente e sen agardas partírase dirección Santiago de Compostela.

## 2º SUBTRAMO

Día e Lugar: sábado 12 de xullo, todo o día, desde Sarria (Convento da Mercede), ata Arzúa.

Hora saída: 8.30 da mañá puntualmente.

Distancia: 70 Km.

Tempo: 8 horas 30 minutos (paradas de servizo incluídas).

Paradas: 1ª, Portomarín, Praza Maior, recepción por Autoridades e polo Presidente da Escudería Portomarín. 2ª, De servizo, por definir, entre Nespereira e Ligonde. 3ª Palas de Rei, Xantar. 4ª De servizo, Melide. 5ª Arzúa, (Lugar exacto por definir), pernocta (por definir).

Tarde – noite: Trataremos ter unha cea con ambiente festivo, sen descoidarnos xa que o máis importante queda por facer.

## 3º SUBTRAMO:

Día e lugar: Domingo 13 de xullo, todo o día, dende Arzúa a Santiago, Obradoiro.

Hora saída 7 da mañá, puntualmente.

Distancia: 45 Km.

Tempo: 5 Horas15 min. (paradas de servizo incluídas).

Paradas: Pedrouzo (lugar por definir) e Monte do Gozo.

Chegada: A Entrada á Praza do Obradoiro farase ou ben á 1.30 da mañá ou ás 3 da tarde, en función das dispoñibilidades das Autoridades; en todo caso tentaremos ter un xantar campestre no monte do gozo antes da entrada no obradoiro.

Recollida

Tractores: Os tractores serán conducidos ata a esplanada da empresa Auto Avión, que cederá as instalacións ata retornar cada tractor ó seu domicilio.

Tentarase facer unha parada nos puntos de interés histórico etnográfico que os seus representantes o soliciten, e sobre todo si éstos teñen algún vínculo especial agrario, pero sempre tendo en conta as premisas de navegación estipuladas anteriormente. O control da velocidade e da distancia realizarase por medio de GPS intalado no tractor nº 1.

### **3.- AS MÁQUINAS:**

Os tractores que se ten pensado participen nesta peregrinación serán “ Tractores Clásicos” , entendendo por tal definición os fabricados de principios dos anos setenta para atrás. Pensouse nesta condición de partida, xa que os tractores históricos (dos principios da mecanización agraria 1900 a 1925) non reunen condicións técnicas mínimas nin de seguridade para cubrir este tipo de percorrido polas vías actuais. Os tractores estarán documentados, identificados, e con seguro obrigatorio e ITV ó día, non admitíndose ningún que incumpla calquera destas premisas. Poderán participar no evento tractores e tractoristas non socios de AGAMAC, sempre e cando cumplan os citados requisitos e tras pasar técnicos de AGAMAC a realizar unha visita de comprobación ó domicilio onde se atope o tractor para saber si reune as condicións de viabilidade técnica e estética para o evento.

## 4.-CONVOCATORIA

Farase pública a convocatoria para asistir ó evento con tractores mediante publicación en medios de comunicación escrita (polo menos en “ El Progreso” , “ La voz de Galicia” , “ A Nosa Terra” e “ El Correo Gallego” ) ou, os que a Axencia Galega de Noticias (AGN) estime oportuno, cun máximo de participación de 40 tractores, reservando, si é o caso, 20 para socios de AGAMAC, 15 para non socios, e 5 para participantes doutros territorios do Estado ou da Unión Europea, podendo cubrirse estas prazas si quedasen desertas. A selección farase por orden de recepción das solicitudes de participación (por correo ordinario, correo electrónico ou telefónicamente) sempre e cando os tractores cumpran os requisitos esixidos. Os condutores dos tractores estarán en posesión do Permiso de Conducir B, superior, ou permiso especial de tractorista e en vigor.

## 5.-RESUMO CARTOGRÁFICO



As novas iranse anunciando na nosa páxina web [www.agamac.org](http://www.agamac.org) e na prensa. Para que cosnte e surta os efectos oportunos, en Láncara, Lugo a 12 e maio de 2008, cordialmente:

